

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 27/06/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
MATILDE LAYA LORENZO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/06/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de xuño de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/2121

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Os parques infantís de Vilagarcía veñen sendo tradicionalmente espazos de conciliación, encontro e esparcemento, tanto para a infancia como para a mocidade, maiores e familias, favorecendo o intercambio e o desfrute da cidadanía ao aire libre.

Logo deste período forzoso de illamento e restricións, compre que este tipo de espazos volvan ser centros de socialización nun entorno ao tempo natural e urbano, que resalta a riqueza integral da nosa cidade.

O Pleno da Corporación Municipal do 28 de maio de 2012 posicionouse favorablemente a este cometido, adoptando o acordo, por unanimidade, de trasladar o parque infantil situado no parque do Cavadelo para o parque do Centenario.

Cabe ter en conta que na actualidade atopámonos no proceso de licitación da renovación do parque urbano do Cavadelo, lugar de referencia da cultura urbana, unha mellora necesaria que revitalizar a zona e un espazo de encontro para a cidadanía, polo que resulta oportuno, proceder ao traslado dos xogos infantís, así como a dotación dun espazo para a práctica de deportes como o fútbol, instalando un cancha no espazo indicado.

A tal efecto, dende o Concello, entendemos como ubicación máis axeitada a que no seu día foi o seu enclave orixinal, o cal é de titularidade da Autoridade Portuaria. Un espazo que forma parte da tradición de Vilagarcía de Arousa e da interacción entre Porto e Cidade, nun contexto de colaboración entre ambas administracións na toma de decisións que repercuten positivamente na nosa cidade un lugar máis atractivo. Unha zona verde, integrante da nosa fachada marítima, cuxa posta en valor favorece as sinerxias entre ambas institucións ao tempo que mantén o pulso do modelo de cidade moderna, humana, resiliente e sustentable no marco das políticas europeas e os obxectivos de desenvolvemento sostible.

A medio do presente, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar a posta a disposición do Concello, cos fins indicados e de xeito gratuito, a zona que se concreta no plano adxunto para a instalación do parque infantil e a cancha no parque do Centenario.

PRP2022/2122

Dáse conta da consignación do depósito previo por expropiación forzosa da finca do municipio

de Vilagarcía de Arousa. Órgano expropiante ADIF-ALTA VELOCIDAD. Trátase dunha ocupación temporal de 318 m² de superficie dunha parcela municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar traslado do acordo ao negociado de Tesourería, coa finalidade de proceder ao cobro da consignación efectuada a favor do Concello.

PRP2022/2124

Dáse conta da modificación do calendario dos empregados municipais en relación co servizo de actos protocolarios para o ano 2022, quedando do seguinte xeito:

EMPREGADO	MES DE GARDA
Cristina Mariño Blanco	Maió-Setembro
Enrique Montenegro Portugal	Xuño-Outubro
Manuel Vilan Jamardo	Xullo-Novembro
Montse Acha Ledo	Agosto-Decembro

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o novo calendario.

PRP2022/2127

Dáse conta da sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, estimando recurso contencioso administrativo proceso ordinario nº178/2020 a instancia de BERMOR ABOGADOS, S.L. fronte ao Concello de Vilagarcía de Arousa contra a resolución de 20-09-2022 desestimatoria do recurso de reposición formulada pola empresa contra a resolución de 10-02-2020 do Concello de Vilagarcía de Arousa dictada no expediente CT 56/2019-E, publicada na Plataforma de Contratos do Sector Público, sobre adxudicación do contrato de servizo de asistencia xurídica en materia de urbanismo. Condenando en costas ao Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o recoñecemento de obriga polo importe de 847,00€ en concepto de costas con cargo á partida 920-11604, e comunicara sentenza a Calixto Escariz S.L.U., actual adxudicatario do servizo citado.

Dar conta do presente acordo a D. Pedro Palomino, para que presente contra a citada sentenza recurso fronte ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

PRP2022/2030

Dáse conta do escrito presentado por Dona Claudia Viviana Corredor Muñoz, solicitando autorización para colocar un posto de venda ambulante de cereixas, con vehículo, durante o mes de xullo de 2022 na rúa Fontecarmoa (rotonda).

Dáse conta de informe da Policía local, no que se indica que deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes en cada momento.

PRP2022/2146

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Equipamentos Obreiro SL para subministro de roupa e material de

protección no traballo para o persoal contratado para a realización da obra ou servizo denominado "Conservación e Acondicionamento de Infraestruturas Municipais e Zonas Verdes 2022" (15 persoas), por importe total de 1.807,07€ (IVE incluído) con cargo ás seguintes partidas:

843,31€ con cargo á partida 171-22104.

481,88€ con cargo á partida 1720-22104.

481,88€ con cargo á partida 1530-22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1757

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L., para a reparación de cincuenta e oito metros de tubaxe de saneamento que se atopa gretada na Rúa Valentín Viqueira, por un importe total de 17.460,30€ (IVE incluído), con cargo á partida 161-62900.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2022/2101

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de maio de 2022, por un importe total de 7.360,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €		x 110,00 €	130,00
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	1	x 130,00€	2	x 110,00 €	350,00
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €		x 110,00 €	130,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
TOTAL					7.360,00

PRP2022/2102

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de maio de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€

- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/2117

Vista a proposta dos Servizos Sociais e o informe da Traballadora Social, a Xunta de Goberno Local acorda o pago a favor do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, da cantidade de 3.974,96 €, en concepto de aportación do 26,67% do custo do Programa Xantar na Casa correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2021, con cargo á partida 231.22611.

PRP2022/2158

Dáse de conta a Xunta de Goberno Local da xustificación e avaliación anual do cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (Plan Concertado 2021) ao abeiro do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, tras as correccións indicadas dende a Consellería de Política Social.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a citada xustificación e avaliación anual.

PRP2022/2214

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAÑOSPRINT SL, por un importe total de 695,75 € (IVE incluído, con cargo á partida 231.22610, para a impresión de pictogramas en vinilo para a colocación nos establecementos comerciais de Vilagarcía para facilitar a accesibilidade a persoas con TEA, en colaboración co CEIP Filipenses, Zona Aberta e BATA.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/2119

A XGL na sesión do 13/06/2022 aprobou a sinatura dos acordos de colaboración institucional a subscribir con catro centros educativos superiores do estado para a participación do seu alumnado no Programa de Masterclasses do Festival clasclas 2022:

- Conservatorio Superior de Música de Vigo, CSMV
- Conservatorio Superior de Castilla y León, COSCYL en Salamanca
- Centro de Estudios Superiores de Música del País Vasco – MUSIKENE en San Sebastián
- Escuela Superior de Música de Cataluña, ESMUC en Barcelona

Dáse conta das sinaturas dos Acordos de colaboración institucional subscritos cos catro centros participantes no Programa das Masterclasses do Festival.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2133

Dáse conta do informe do Conservatorio Profesional de Música relativo ao desenvolvemento da V Edición do Festival Internacional de Música ClasClas do luns 27 de xuño e ata o sábado ao 2 de

xullo de 2022, terá lugar a V edición do Festival Internacional de Música Clásica clasclás no municipio, con concertos de gran alcance en diferentes ubicacións do municipio.

Compre proceder a notificar á Policía Local do desenvolvemento de diferentes eventos para o seu coñecemento e que se indican a continuación:

a) O domingo 26 de xuño ás 12:00 horas haberá un concerto na Igrexa de Vistalegre e ás 12:30 horas na Igrexa de San Martiño de Sobrán en Vilaxoán, coma precuela do Festival a cargo de alumnado do Conservatorio Profesional de Música. O profesorado do centro encargárase do desenvolvemento destes dos concertos.

b) Esta V edición conta cun novo programa: “Clasclás a pe de rúa”, no que diferentes agrupacións do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música realizarán actuacións facendo partícipe á poboación da cidade. Será do luns 27 de xuño ao venres 1 de xullo (ambos inclusive) na Praza de Galicia e na Praza de Ravella a partir das 12:00h e de xeito simultáneo. No caso de choiva está previsto que o luns, martes e mércores o programa clasclás a pe de rúa se traslade á Praza da Peixería. O Departamento de Obras será o encargado de levar e recoller o instrumental necesario ás 10:00 horas da mañá desde o Conservatorio e a Escola de Música ata a Praza de Galicia e a Praza de Ravella e levalo de volta aos centros unha vez rematada a actuación sobre ás 13:00 horas, desde o luns 27 ata o venres 1 de xullo. É posible que nalgún caso os vehículos do profesorado do centro axuden a recoller o material e irán identificados co letreiro FESTIVAL CLASCLAS – ORGANIZACIÓN no salpicadero.

c) Os concertos de gran formato que terán lugar ao longo do Festival son os seguintes:

- Luns 27 de xuño ás 21:00 no Auditorio Municipal
- Martes 28 de xuño ás 21:00 no Pazo da Golpelleira
- Mércores 29 de xuño ás 21:00 no Pazo do Castriño
- Xoves 30 de xuño ás 21:00 na Praza da Peixería
- Venres 1 de xullo ás 21:00 no Auditorio Municipal
- Sábado 2 de xullo ás 21:00 no Auditorio Municipal
- Haberá dous Concertos de Masterclasses na Praza da Peixería, o xoves 30 de xuño e o venres 1 de xullo ás 12:00h.

d) Precisamos que se proceda a realizar o corte da AVENIDA DA MARIÑA diante da Praza da Peixería os seguintes días nos seguintes horarios:

- Xoves 30 de xuño, desde ás 10:00 horas ata ás 23:00 horas. Para o concerto da mañá e o concerto da noite. Haberá períodos en que sexa posible circular, aínda que se solicita o corte da rúa para todo o día para facilitar o traballo da Policía Municipal.
- Venres 1 de xullo, desde ás 10:00 horas ata ás 14:00 horas.

Dáse conta do aviso á Policía Local solicitando o corte da Rúa os días 30 de xuño e 1 de xullo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2159

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno local de data 16 de maio de 2022, no que se indica: ...)

Segundo.- Aprobar o orzamento presentado por Pazo de Rubianes S.L. con CIF B 94162617 e por un importe total de 2.939,09 € (2.429,00 + 510,09 do 21 % IVE), e para o servizo de degustación de viño Pazo de Rubianes logo do concerto do día 29 de xuño de 2022 da V edición do Festival Internacional de Música clasclas con cargo á partida 2022 3261 22706 do Proxecto 2022-3-CRRTE-6 do orzamento modificado do Festival para o ano 2022.

Dáse conta de comunicación da imposibilidade de Pazo de Rubians SL de celebración do concerto previsto nas súas instalacións.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- A anulación da proposta de gasto adxudicada ao Pazo de Rubianes con CIF B94162617 polo importe de 2.939,09 € (IVE engadido) aplicado á partida 2022 3261 22706 do Proxecto 2022-3-CRRTE-6 do orzamento do Festival para o 2022.

Segundo .- Aprobar o orzamento presentado por Somen Hostelería S.L. con CIF B 36473015 e polo importe total de 2.929,09 € (2.662,81 € + 266,28 € do IVE) para o servizo de degustación de viño con pequeno ágape no Pazo o Castriño para 180 persoas o día 29 de xuño, con cargo á partida 2022 3261 22706 do Proxecto 2022-3-CRRTE-6 do orzamento modificado do Festival

para o ano 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2160

Dase conta da sinatura dos contratos artísticos da V edición do Festival Internacional de Música clasclás 2022 aprobados pola XGL na sesión do 02/05/2022, PRP2022/1336 con cargo ao Proxecto de orzamento 2022-3-POS22-3 e que se indican baixo estas liñas:

- Beatrix-Elisabeth Jerie-Schneider, con pasaporte Suízo nº X3682520 , en representación do Trío Guarneri de Praga, Dirección Artística do Festival
 - Tomas Daukantas, con pasaporte da República de Lituaniaº 43261667 en representación propia e de Vilija Poskute.
 - Jan Mra?ek, con nº de ID 211318808 da República Checa, en representación propia
 - LukášKláníký, con nº de ID 211714578 da República Checa, en representación propia
 - Cuarteto Quiroga S.L., con CIF B64792971, en representación propia e con Aitor Heiva Sesma, Cibrán Sierra Vázquez, Josep Puchades Escrivá e Helena Poggio Lagares coma administradores mancomundados
 - Lionel Walter, con pasaporte Suízo nº X3392973, en representación de Geneva Brass
- A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2022/2152

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través das Concellería de Xuventude e Voluntariado organiza un programa de actividades de verán “de a aventura verán 2022”: semana de aventura verán: Tecnoverán (11 ao 15 xullo), semana de aventura náutica: Nauticverán (do 1 ao 5 de agosto e xornadas de escape rooms de verán: (11 de xullo e 12 de agosto) co obxectivo de proporcionar unha alternativa de conciliación da vida familiar e laboral así coma una opción de ocio saudable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades que contribúan ao reforzo dos contidos educativos dun xeito lúdico, aproveitando todo o potencial que nos ofrece o período estival, o tempo de ocio, e a través dun proxecto educativo inmersivo en consonancia cos postulados da educación non formal.

As distintas actividades se realizarán baixo as medidas de prevención e seguridade que sexan precisos, e tendo en conta a situación actual tras a aprobación do RD286/2022 do 19 de abril.

Trátase, por tanto, de proporcionar espazos para a conciliación da vida familiar el laboral, así como que os máis novos/as poidan gozar de espazos seguros para o ocio e disfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas recreativas e culturais, dirixidas por un equipo educativo que contribúa á canalización das súas inxerencias xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

O programa está dirixido para mozos/as nados/as entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar as bases para a realización da actividade "De a aventura verán 2022" así como o protocolo covid-19.
- 2.- Aprobar o orzamento, por un importe total de 7.266,05 €, con cargo á partida 2314.22624, coa seguinte desagregación:
 - XENEME intervención Social S.L.L con cif.. B15893159 e enderezo en igrexa 39, Luou, Teo CP.: 158883, la Coruña, por importe de 2.200,00 € (IVE incluído), para o desenvolvemento da actividade do programa: "De a aventura verán 2022", Semana de verán : TECNOVERÁN (actividade que se realizará do 11 ao 15 de xullo en Matosinhos e con 20 prazas)-
 - OFTEFOR C.B e con CIF.: Nª E-36418283 e con enderezo en rúa San Roque nº 15-Entresuelo 36600 Vilagarcía, por importe de 3.245,00 € (IVE incluído), para o desenvolvemento da actividade

do programa: "De aventura verán 2022", Semana náutica de verán: NAUTICVERÁN (actividade que se realizará do 1 ao 5 de agosto no Arquipélago de Cortegada e na Praia Compostela e con 15 prazas dirixidas a mozos/as de Vilagarcía)

- TERRITORIO COMANCHE actividades in & outdoor: Simón González Villanueva con NIF.: 36135010D e enderezo en rúa Alfolíes nº 16-3º e cp:36208 Vigo, por importe de 1.821,05 € (IVE incluído), para realización da actividade do programa "de aventura verán 2022" de dúas XORNADAS DE ESCAPE ROOMS de VERÁN (11 de xullo e 12 de agosto)

3.- A colaboración puntual por parte da Policía Local e de Protección Civil en algúns dos desprazamentos e actividades. Tales desprazamentos serán indicados por escrito antes do comenzo de cada unha das actividades do programa.

4.- En caso de mal tempo ou de non cubrirse un mínimo de prazas por actividade o concello poederá cancelar en todo ou en parte as actividades do programa: "De aventura verán 2022"

As empresas adxudicatarias, asumirán as obrigas especificadas na oferta presentada e principalmente:

Contratación de monitoraxe titulado.

Adopción dos protocolos e recomendacións de medidas de protección e de prevención do COVID 19 tal e como veñen establecidos por lei, adaptando os mesmos á medida de que estos vaian sendo ampliados ou modificados e suspendendo determinadas actividades se o determinasen as autoridades competentes na materia que siguen a evolución da pandemia, e se así o aconsellan. Con tal motivo, terá que suscribirse o convenio adxunto entre o concello e a empresa. .

Asumirán ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto. .

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/2099

Dáse conta a Xunta de Goberno do oficio recibido o 13 de xuño de 2022 no Departamento de Medio Ambiente no que se comunica os resultados da mostraxe das augas de baño da Covacha efectuada, o 08 de xuño de 2022, pola Consellería de Sanidade dentro do Programa de Vixilancia das Zonas de baño de Galicia 2021-2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2145

Dáse conta do Convenio Interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

As accións de prevención e defensa contra os incendios forestais previstas que, en principio, deberá executar a entidade local de Vilagarcía de Arousa no marco dese convenio durante o ano 2022 serán as recollidas nas cláusulas do convenio son as seguintes:

- Participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos DE XEITO MECANIZADO en vías e camiños de titularidade municipal en 8 hectáreas. Total da axuda que se poderá recibir: 2 000,00 €.

- Participación na prevención, extinción e defensa contra incendios forestal mediante a contratación durante 3 meses dunha brigada de 5 compoñentes para o desenvolvemento de labores de extinción e prevención e para a realización de até un máximo de 10,0348 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma

manual:

- Axuda máxima vixilancia/defensa: 18 500 €/brigada.

- Axuda máxima prevención: 11 500 €/brigada

TOTAL FINANCIAMENTO CONSELLERÍA MEDIO RURAL: 32 000,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/2154

O día 11 de abril de 2022 a Xunta de Galicia remite requirimento para que se elabore un plan de emerxencia ante a situación da seca en base a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

A disposición final cuarta do mencionado texto normativo establece que as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular o mancomunadamente, unha poboación igual o superior a vinte mil habitantes dispoñen dun prazo de emerxencia ante situacións de seca adaptados ao contido desta lei.

A Xunta de Goberno Local, vistos os orzamentos presentados para a realización do devandito plan, acorda adxudicar o contrato menor para a elaboración do Plan de Emerxencia, á Empresa SOLTEC INGENIEROS SL OF2022-128 - CIF B-36 881 415, de conformidade co orzamento presentado, por un importe total de 9.075,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22799, que inclúe os seguintes traballos:

- Unha descrición e un diagnóstico dos sistemas de abastecemento, coa indicación dos recursos disponibles, as áreas de captación e as demandas da auga.
- A determinación das zonas máis vulnerables no caso de sequía e dos usos da auga máis relevantes dende o punto de vista económico e social, coa identificación da poboación, dos condicionantes ambientais o dos principais elementos do patrimonio natural e das actividades estratéxicas que se poderían ver afectados.
- Un sistema de indicadores e escenarios coherente co recollido no correspondente plan de seca da súa demarcación hidrográfica.
- As medidas de xestión que se adoptarán en cada un dos distintos escenarios incluídos.
- A previsión dun subministración alternativo ante situacións de escaseza conxuntural, razoable e proporcional as concretas circunstancias que potencialmente se poidan producir nestas situacións e su duración.
- Actuacións que se considere necesario executar para garantir o abastecemento a poboación durante un episodio de sequía, incluídas obras de captación e condución que sexan precisas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2022/2132

Ao abeiro da ORDE do 27 de decembro de 2021, da Consellería do Mar, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2022, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A), o Concello solicitou subvención para o proxecto TURISMO MARIÑEIRO EN VILAXOÁN E VISITA VIRTUAL, por un importe total de 17.231,31 €,

A solicitude foi presentada como proxecto non produtivo e solicitárase o financiamento do 100% dos custos.

O 20/06/2022 foi recibida a Resolución da concesión, polo 100% do custo, de acordo coas seguintes cantidades.

CONCEPTO	IMPORTE ENGADIDO)	(IVE
6 Paneis en chapa aceiro corten	3.600,96 €	
Impresión dos vinilos a colocar nos paneis	514,37	
Sinal en forxa indicativa da distancia ata Santiago	452,54	
Silueta dunha peregrina nunha lámina de aceiro corten	526,35	
Elaboración dos textos dos paneis, deseño, gravación das audioguías en galego e castelán, creación dos códigos QR e deseño dos carteis promocionais da ruta	2.789,05	
Tradución de 6 audioguías	1.347,94	
Visita Virtual por Vilaxoán	8.000 €	
TOTAL	17.231,21	

A data límite de xustificación do gasto é o 30/09/2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a subvención concedida.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/2110

Vista a proposta da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Asociación Familiares Enfermos Alzheimer Galicia para a organización dunha visita guiada á Illa de Cortegada, o día 28 de xuño de 2022, por un importe total de 600,00 €, con cargo á partida 2313.22610.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2022/2129

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da actividade denominada "Noite Meiga 2022", o día 23 de xullo de 2022, cun orzamento total de 7.018,38€, coa seguinte desagregación:

NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
NOR IBÉRICA DE BEBIDAS S.L.	B32309817	Subministro 540 litros augardente	4.312,44€	334.22199
ALFARERÍA ALTO DO COUSO S.L.	B32199887	Subministro 2.700 pocillos	1.862,19€	334.215
CONFITERÍA ANCLA S.L.	B36104180	Subministro Rosquillas (225 paquetes))	393,75€	334.22199
COMPRA DE MAATERIAL PARA PREPARACIÓN QUEIMADA e PALLOZAS (café, azúcar, servilletas, manteis...)			450,00€* (estimativo)	334.22199
		TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)	7.018,38€	

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2130

Vista a solicitude da Comisión de Festas "O Piñeiriño", e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Xoán en O Piñeiriño os días 23 e 24 de xuño de 2022:

- Actuación da Asociación Cultural Lumarada de Cornazo por un importe de 575,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2022/1902

Vista a proposta da Concellería de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “ASISTENCIA E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN DO ICIO, TLU E TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO POR EMPRESAS SUMINISTRADORAS DE SERVIZOS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR”, á empresa ASESORAMIENTO TRIBUTARIO LOCAL SL (NIF: B36355469) por importe (IVE engadido) de 8,9 % sobre a débeda total descuberta e do importe da sanción ingresada polo obrigado tributario, co máximo de 18.101,60 €, con cargo á partida 931.22799, de conformidade coa oferta presentada, cun prazo de execución de un ano.

PRP2022/2114

Dáse conta da proposta da Secretaría Xeral na que, vistos os orzamentos presentados, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da Empresa PAZ DISMAC SL para o subministro de 60 caixas de papel DIN-A4 e 5 caixas de papel DIN-A3 para os Servizos Municipais, por un importe total de 1.651,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2115

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “Redacción de proxecto de Limpeza e Selado do Lavadoiro de Vilaxoán”, á titulada en Restauración e Conservación de Bens Culturais dona Iria López Baltar (NIF 46896621N), por un importe de 600,00€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 126,00€, o que totaliza un importe de adxudicación 726,00€, con cargo á partida 1720.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/2120

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:adxudicar o contrato de servizos denominado Dirección de Obra do investimento denominado “Mellora de seguridade e accesibilidade de camiños escolares seguros aos centros da entorna de Matosinhos” dividido en dúas Fases, á mercantil AM2 ARQUITECTOS C.B, (ALEXANDRE MOURIÑO FERNÁNDEZ, (NIF: 36159509-J), con cargo á partida 150.640, desagregándose o orzamento en dous lotes:

LOTE 1: Para a Fase 1, que actuará sobre as rúas Fontecarmoa, A Xunqueira e Avda. Dr. Tourón: Por importe de 10.000,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.100,00 € o que fai un total para a Fase I de 12.100,00 € (IVE engadido), segundo o orzamento que presenta.

LOTE 2: Para a Fase 2, que actuará sobre a Avda de Matosinhos: Por importe de 4.900,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.029,00 € o que fai un total para a Fase II de 5.929,00 € (IVE engadido), segundo o orzamento que presenta.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/2109

Visto o expediente de gasto INT/2022/268 integrado pola relación de xustificantes F/2022/67 por importe de 5.190,00 €.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/67 por importe de 5.190,00 € coa seguinte desagregación:

REX.	Documento	Fecha Dto.	Progr.	Econ.	Importe	Nome	Texto Explicativo
F/2022/2703	KM22 0107	28/04/2022	241	22799	3.150,00	KAEME CONSULT. Y PREVENC., S.L	CURSOS AULA CEMIT ABRIL 2022 / Inclusión Dixital en Dispositivos Móviles 15 horas / Folla de Cálculo 30 horas () / Se
F/2022/3363	KM22 0170	25/05/2022	241	22799	2.040,00	KAEME CONSULT. Y PREVENC., S.L	CURSOS AULA CEMIT MAYO 2022 / Sede Electrónica e Certificado Dixital 8 horas / Procesador de Textos 30 horas / Base de D
				TOTAL	5.190,00		

PRP2022/2151

Visto o expediente de gasto INT/2022/270 integrado pola relación de xustificantes F/2022/56 por importe de 26.976,89 €.

Vistos os informes dos servizos que se integran no expediente.

Vistos os informes de Covalidación das concellerías delegadas que se integran no expediente.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1-A convalidación dos expedientes de gastos á vista dos informes dos/as Concelleiros/as delegados/as co seguinte detalle:

Fase	Aplicación	Importe	Endosatario.	Nome Ter.	Texto Libre
AD	231 48001	4.994,00		TURISMO NA VILA S.L.	ADXUDICACIÓN POR CONVALIDACIÓN ALOXAMENTO E PENSIÓN PARA REFUXIADOS UCRANIANOS.
AD	231 48001	2.673,00		TURISMO NA VILA S.L.	ADXUDICACION POR CONVALIDACION ALOXAMENTO E PENSION PARA REFUXIADOS UCRANIANOS.
AD	231 48001	1.055,00	POMPAS FUNEBRES EUROPEAS, S.L.	MONTERO GALAN, Mª DOLORES	ADXUDICACION POR CONVALIDACION PARA SERVICIO FUNEBRE.

2-O Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/56 por importe de 26.976,89 € co seguinte desglose:

REX.	Documento	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2022/2602	165/22	06/04/2022	1.055,00	MONTERO GALAN, Mª DOLORES	SERVIZO FÚNEBRE, SERVICIOS SOCIAIS.	231	48001
F/2022/2679	02148000010722F	30/04/2022	5.742,77	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Abril de 2022SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Serviz	334	22700
F/2022/2683	02148000010422F	30/04/2022	3.787,45	CLECE, S.A.	BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Abril de 2022ZONAS COMUNES /	3321	22700
F/2022/2716	4048556655	13/04/2022	200,97	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	ACEITE PARA MOTOR DE DOS TIEMPOS 5LITRO / IMPUESTO DE RESIDUOS DEL ARTICULO 0897995005075 1 / BROCA-MADERA-LARGA-12	1720	22199
F/2022/2720	REP-22 004	30/04/2022	215,33	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Reperto material publicitario de las actividades de caracter cultural.	334	22602
F/2022/2761	FRAV.500927	29/04/2022	173,03	ZORELOR, S.A.	ZOREL-ZN-G	132	22108
F/2022/2780	V 20220809	30/04/2022	281,57	MADERAS REDONDO, S.L.	ESCUADRA REFORZADA PF101160 / TABLERO DUO / TABLERO CARRIAGE WISA-WIRE / CORTE EN SECCIONADORA	171	22615

F/ 2022/2 782	V 20220810	30/04/2 022	532,16	MADERAS REDONDO, S.L.	J.	PINO ROJO TRATADO V CEP.Y BOLEADO / PINO ROJO DECK V TRATADO Y CEP. / PINO ROJO TRATADO CEPILLADO / PU-MAX CARTUCHO RAPI	1722	213
F/ 2022/2 785	V 20220814	30/04/2 022	256,28	MADERAS REDONDO, S.L.	J.	PINO ROJO V SATERS / TABLERO MDF-H / TABLERO DUO / PU-MAX CARTUCHO RAPIDO 340 ml	1720	213
F/ 2022/2 981	10 5494	29/04/2 022	162,44	ESPACIO LECTOR, S.L.	DO	COMPUTER HOY (Nº: 00613) / SPEAK UP + DVD ""VERTIGO"" (Nº: 00440) / COSAS DE CASA (Nº: 00304) / CINE GOYA 2022 ""LA HIJA"" P	3321	22001
F/ 2022/2 990	10 5491	29/04/2 022	458,24	ESPACIO LECTOR, S.L.	DO	APUNTES DE MALTE LAURIDS BRIGGE LOS / TRES HERMANAS LAS / MENTALISTA EL / MUSICA DEL VIENTO LA / (G) VELLOUCAS & MINCHAS	3321	22001
F/ 2022/3 004	945 221101547	06/05/2 022	598,95	BAYGAR, S.L.		DULITRAFIC 20LT BLANCO / DULITRAFIC 20LT AMARILLO OP	132	22108
F/ 2022/3 058	103 02200254	30/04/2 022	532,40	COGAMI RECICLADO GALICIA, S.L.	DE	TASA DE VERTIDO PLÁSTICOS NO VALORIZABLES DEL 06/04/2022	1720	22700
F/ 2022/3 059	1220500091	05/05/2 022	435,60	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.		INTERRUPTOR FLOTADOR T-15E 15 ECOLOGICO CON 15M DE CABLE / HERMES LC-2+ANTENA+CABLE USB	160	213
F/ 2022/3 061	22 386	03/05/2 022	95,83	RAMON LOIS, S.L.		4 CADENAS 19 MM 11 MALLAS	1720	213
F/ 2022/3 062	2200930	30/04/2 022	328,53	ESCAYOLAS LEREZ, S.L.	DEL	OBRA/ CENTRO FORMACION MATOSINHOS. MARBELLA ESCALONADO E-24- miracle (2,16) (6 und)	241	212
F/ 2022/3 076	202203189	30/04/2 022	590,66	CASTROMAN I, S.L.		VARILLA ROSCADA ZINCADA M-10X1000* / CIEN TUERCA HEX.DIN 934/8 M-10 ZINCADA / CIEN ARANDELA P/ANCHA DIN-9021 M-10 ZINCAD	1720	213
F/ 2022/3 080	202203193	30/04/2 022	196,50	CASTROMAN I, S.L.		VARILLA ROSCADA 975 A-2 M/12X1MT INOX* / CIEN TUERCA DIN 934 A-2 M-12 / CIEN ARANDELA DIN 9021 INOX M-12 / BROCA HELICOI	1722	213
F/ 2022/3 085	10 5466	20/04/2 022	459,92	ESPACIO LECTOR, S.L.	DO	LIBROS PARA OS PREMIOS MELLORES LECTOR@S DO SERVIZO DE PRÉSTAMO A DOMICILIO DA REDE M. DE BIBLIOTECAS	3321	48100
F/ 2022/3 087	202203202	30/04/2 022	24,74	CASTROMAN I, S.L.		RODILLO PERLON RAYADO 50 ANTIGOTA 11CM Nº11 / CLAVIJA T/T PVC BLANCO 16A / ORDEN MARIO VAZQUEZ / RECOGE MIGUEL ANGEL REY	132	22199
F/ 2022/3 089	401220157	11/05/2 022	231,79	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.		CINTA ADHESIVA ANCHO 13mmCINTA ADHESIVA ANCHO 13mm / 451503451503 / MINUTERO ELTRON.CJ.MEC.2 HL.P/L.LEDMINUTERO ELTRON.C	3261	22199
F/ 2022/3 090	401220158	11/05/2 022	141,03	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.		CEBADOR S-2 4-22W 110V BL.69750926CEBADOR S-2 4-22W 110V BL.69750926 / LAMP.LUMILUX L36/865 36W D26 0517858LAMP.LUMILUX	320	212
F/ 2022/3 092	401220159	11/05/2 022	139,17	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.		CON.RETENAX CPRO RV-K 1kV 5G4 20193611CON.RETENAX CPRO RV-K 1kV 5G4 20193611 / PRENSA PLASTICO CAP-TOP IP68 PG21 062104P	165	213
F/ 2022/3 098	22105	30/04/2 022	6,05	PADIN FRANCISCO	SILVA,	AFILADO DE MOTOSERRA. (ALUMEADO PÚBLICO)	165	213
F/ 2022/3 099	22104	30/04/2 022	517,87	PADIN FRANCISCO	SILVA,	REPARACIÓN DESBROZADORA 545RX. (MEDIO AMBIENTE).	1720	213
F/ 2022/3 100	22103	30/04/2 022	561,48	PADIN FRANCISCO	SILVA,	REPARACIÓN DESBROZADORA E MOTOSERRA. (MEDIO AMBIENTE).	1720	213
F/ 2022/3 115	2022-0015	04/05/2 022	90,73	OTERO VALDEDIOS, JOSE ENRIQUE		REPARACIÓN LAVADORA. (ESCOLA INFANTIL)	323	213
F/ Emit- 86		03/05/2	683,10	VICTOR CORDO E		ROSCAS 1KG SERVIDAS PARA O CENTAMEN	334	48100

2022/3 149		022		HIJOS, S.L.	DOS MAIOS 2022. (CULTURA).		
F/ 2022/3 150	Emit- 86	16/05/2 022	96,80	TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	Perchero 606, 8 colgadores cromo. Plata	920	215
F/ 2022/3 256	C 2557	19/05/2 022	114,61	PAPERSTORE, S.L.	ATT: MONREIRIS / ALBARAN C-003613 / 1520101-ARCHIVADOR JASPEADO FOLDER ROJO / 1520103-CAJA ARCHIVADOR JASPEADO FOLDER RO	920	22000
F/ 2022/3 342	069/22	10/05/2 022	557,30	PAPELERIA ARINES, C.B.	MATERIAL OFICINA. ADMON. XERAL	920	22000
F/ 2022/3 404	A 6640	27/03/2 022	4.994,00	TURISMO NA VILA S.L.	3 HABITACIONES DOBLES PENSIÓN COMPLETA REFUXIADOS UCRANIANOS, DE 27/03/2022 A 14/04/2022. (SERVIZOS SOCIAIS).	231	48001
F/ 2022/3 405	A 6673	24/03/2 022	2.673,00	TURISMO NA VILA S.L.	2 HABITACIONES PENSIÓN COMPLETA PARA REFUXIADOS UCRANIANOS, DE 24/03/2022 A 27/04/2022. (SERVIZOS SOCIAIS).	231	48001
F/ 2022/3 948	22001230 0	15/06/2 022	41,59	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	cartucho hp 305 xl bk (obradoiro de emprego forme 2021 modulo b IRENE GONZALEZ SOMOZA) / cartucho hp 305xl color (obr	2412	22199
		TOTAL	26.976,89				

PRP2022/2153

Visto o expediente de gasto INT/2022/273 integrado pola relación de xustificantes F/2022/70 de AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA por importe de 14.325,46€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/70, por importe de 14.325,46€, coa seguinte desagregación:

REX.	Documento	Fecha Doc.	Importe Total	Programa	Economica	Nome Terc.	Texto Explicativo
F/ 2022/4 113	0/2022/124 4	30/04/2 022	12.996,65	920	22500	AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCIA DE	CONVENIO ENTRE A. PORTUARIA E CONCELLO PARA UTILIZACIÓN PARCELA ANTIGA COMANDANCIA DO 01/01/22 Ó 04/04/22 (ADM. XERAL).
F/ 2022/4 130	0/2022/124 5	30/04/2 022	1.066,99	920	22500	AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCIA DE	CONVENIO PARA UTILIZACIÓN DA PARCELA ANTIGA COMANDANCIA. PERÍODO 01/01/2022 A 04/04/2022.
F/ 2022/4 131	0/2022/124 8	30/04/2 022	261,82	920	22500	AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCIA DE	CONVENIO PARA UTILIZACIÓN DA PARCELA ANTIGA COMANDANCIA. PERÍODO 22/02/2022 A 12/04/2022. RECARGO.
		TOTAL	14.325,46				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.